

***I Concurso De Vídeo-Minuto Feito Co Móbil
(Outono 2017)***

“#PRACTICATRIVeseN60SEGUNDOS”

O Concello da Pobra de Trives propón unha nova actividade participativa, o **“I Concurso de Vídeo-minuto feito co móbil”** coa temática das paisaxes urbanas, humanas, culturais e naturais.

A idea é que tome importancia a identidade cultural da Pobra de Trives a través das súas paisaxes e tamén atraer ao público local cara o noso entorno e o noso patrimonio tanto cultural como natural.

1. BASES DO CONCURSO:

→ Un concurso dun mini vídeo feito co móbil sobre a paisaxe do Concello cunha duración máxima de 60 segundos.

→ A temática axustarase a Paisaxes Culturais e Naturais (historia, tradicións, natureza, xentes,...) do Concello de A Pobra de Trives.

→ Poderán participar todas as persoas maiores de 14 anos.

→ O número de “vídeo-minutos” que se poden presentar por persoa é ilimitado. Pero cada vídeo enviarase nun correo distinto.

→ Non se admitirán os vídeos que non se axusten á temática do concurso, nin os que superen a duración de 60 segundos, nin tampouco os que conteñan imaxes contrarias á dignidade e/ou sensibilidade das persoas.

→ Os arquivos das películas enviaranse á dirección: comunicacion@concellodapobradetrives.gal (No asunto indicar “Concurso Vídeo-Minuto”).

Ademáis de adxuntar o arquivo ao correo deberán incluír os seguintes datos:

- Nome do Vídeo
- Breve explicación da grabación
- Datos da persoa que concursa (nome e apelidos, teléfono de contacto, dirección postal, dirección electrónica, data de nacemento).

A organización enviará un correo de confirmación á recepción do vídeo.

→ Conforme cheguen os traballos colgarémolos no Facebook, Twitter e Instagram do Concello da Pobra de Trives para que o público poida votar ao vídeo que máis lle guste. Posteriormente, farase recuento para seleccionar o traballo máis votado sumando os votos entre as tres redes sociais. O vídeo gañador anunciarase nas tres Redes Sociais e na Páxina Web co concello, tamén dende a organización nos poñeremos en contacto coa persoa gañadora para facerlle entrega do seu premio.

→ Os traballos presentados pasarán a formar parte do Arquivo de imaxes do Concello da Pobra de Trives podendo ser utilizadas polo mesmo con fins divulgativo, publicitario ou comercial. Así mesmo os realizadores dos vídeo-minutos autorizarán a utilización das obras para a súa difusión como materia informativa en calquera medio de comunicación.

→ A organización resérvase o dereito a non admitir a concurso as pezas, que segundo o seu criterio, non cumplan a temática ou as condicións técnicas esixidas ou aquelas que poidan vulnerar algún precepto legal. Ademáis reservámonos o dereito a descalificar ou excluír películas que consideremos non apropiadas.

2. RECEPCIÓN DE TRABALLOS:

Haberá un **prazo de ata o sábado 5 de Novembro para a recepción dos vídeos**. Unha vez recibidos no correo anteriormente indicado, os vídeos serán colgados nas redes sociais (Facebook, Twitter e Instagram) co nome do vídeo, explicación da grabación e datos da persoa concursante. Todos os vídeos levarán o hashtag “**#PracticaTrivesen60segundos**” co fin de poder unificar e organizar os vídeos nesa temática e facilitar que todo o mundo poida ver facilmente os vídeos publicados con ese hashtag. Dende o día 6 de novembro non se subirán máis vídeos nas redes e poderá votarse os mesmos ata o 10 de novembro ás 12 da mañá.

3. PREMIO:

- **1º Premio: 100€**

O gañador comunicárase a través das redes sociais e ademáis a organización comunicarllo ao interesado.

4. ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación neste concurso implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Máis información ou aclaración de dúbidas: comunicacion@concellodapobradetrives.gal